


Carreira

REGULAMENTO



1. O Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, en colaboración coa Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo, organiza o próximo día 10 de marzo a proba 10 Km Cidade Universitaria 2013 no Campus Universitario Lagoas-Marcosende. O control e dirección da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo.

2. Esta proba formará parte do Circuito de Carreiras Populares de Vigo.

3. A carreira terá saída ás 11.00 h e constará de dúas voltas a un percorrido que transcorre entre os viais interiores do Campus, a Cidade Deportiva do Círculo Mercantil e Industrial de Vigo e a súa estrada de conexión, para completar unha distancia aproximada de 10.000 m.

4. A inscrición é libre para todos os nados en 1995 ou anos anteriores e deberá efectuarse exclusivamente no sitio web: www.deportes.uvigo.es.

Non poderán participar atletas españois con axuda económica da RFEA nin atletas estranxeiros que realizaran unha marca igual ou mellor que a que se indica no seguinte cadro no transcurso desta temporada ou as dúas anteriores:

	800m	1500m	3000m	5000m	10000m	3000m obstác.	10 km ruta	½ Maratón	Maratón
Homes	1:48,50	3:42	8:10	13:45	28:50	8:50	29:10	1:03:00	2:12
Mulleres	2:05,00	4:17	9:30	15:55	33:50	10:25	33:50	1:13:30	2:34

Os atletas federados están obrigados a facer constar ademais de nome, apelidos e data de nacemento, o nome do club e o número de licenza federativa.

No caso dos universitarios, estes haberán de sinalar na inscrición a Universidade, o campus e o centro ao que pertencen, e deberán indicar se son alumnos, PDI ou PAS.

O prazo de inscrición remata ás 14.00 h. do martes 5 de marzo. Non se admitirán inscricións fóra de prazo.

5. A cota de inscrición será de 3 € para os membros da comunidade universitaria e de 5 € para o resto de participantes. A maiores, cada participante, aportará 1€ como contribución ao proxecto solidario "Discamino".

6. Outorgaranse premios so aos tres primeiros clasificados de cada sexo na clasificación xeral.

7. Categorías:

Junior: nados nos anos 1994 e 1995.

Promesa: nados nos anos 1991, 1992 e 1993.

Sénior: nados en 1990 e anteriores, ata veteranos.

Veteranos A: 40 a 49 anos cumpridos no día da competición.

Veteranos B: 50 anos ou mais cumpridos no día da competición.

Universitarios: membros da comunidade universitaria: alumnado, PDI e PAS.

8. Todos os dorsais dos atletas serán entregados polo organizador no momento da confirmación, que se realizará como mínimo media hora antes do comezo da carreira, na secretaría situada na Praza Miralles, debendo os atletas respectar a publicidade impresa.

9. As reclamacións sobre a competición deberán ser presentadas de acordo coas normas establecidas no Regulamento Internacional da IAAF.

10. A Universidade de Vigo e os seus colaboradores non se fan responsables dos posibles danos que con motivo da competición poidan sufrir os participantes ou ocasionar a outros, sen prexuízo dos dereitos que lle puidesen corresponder ante a compañía aseguradora correspondente.

11. O non previsto neste Regulamento resolverase de acordo co Regulamento Internacional da IAAF e as normas da RFEA vixentes.

12. A soa inscrición nestes 10 Km Cidade Universitaria implica a total aceptación do preceptuado no presente Regulamento.

INFORMACIÓN XERAL

Dorsais

Acreditacións e entrega na secretaría situada en Praza Miralles.

Inscricións

Na web www.deportes.uvigo.es ata o martes 5 de marzo ás 14.00 horas.

Horarios

Entrega e recollida de DORSAIS: de 9 a 10.30 horas.

SAÍDA: 11 horas (piscina universitaria).

Entrega TROFEOS e premios: 12.30 horas.

Servizos

Restauración

Vestiaros

Atención primaria

Ludoteca con inchables

Andaina
Andaina
Andaina

Andaina
Andaina
Andaina

Prazo de inscrición: ata o 5 de marzo.
Prezo: 4 € (taxa de 3 € + 1 € aportación ao proxecto solidario "Discamino").
Saída: 9.30 horas da Praza Miralles.
Información sobre o percorrido: deportes.uvigo.es

VÉN CAMIÑAR!